

Estructura industrial. Complexo agroalimentario

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

O proxecto “Estructura industrial” contéplase como unha estatística de síntese na que se aborden distintos subsectores da industria galega e as súas inter-relacións con outros sectores da economía cos que teñan unha estreita relación, ben sexa como subministradores de materias primas, ben como destinatarios da súa produción. Como base metodolóxica xeral tómanse os principios e criterios contables do Sistema Europeo de Contas SEC-95, o que permite enmarcar o complexo analizado no contexto do conxunto da economía, reflectida nas correspondentes Contas Económicas e/ou Táboas Input-Output.

Baixo este enfoque abórdase en primeiro lugar o estudio do Complexo Agroalimentario, tanto pola súa importancia económica e social no conxunto da economía galega, como pola súa adecuación á metodoloxía considerada. Os obxectivos céntranse na identificación e cuantificación dos fluxos dos produtos típicos do sector primario e da industria agroalimentaria, cunha desagregación por ramas mais detallada da usual nas estatísticas referidas ó total da actividade económica.

A información en termos monetarios das diferentes compoñentes de orixe e destino complementábase coa relativa ás unidades físicas dos correspondentes fluxos. A incorporación de unidades físicas é un enfoque novidoso na análise intersectorial e presenta utilidades adicionais á valoración en termos monetarios; permite, por exemplo, unha análise de prezos ou de dispoñibilidade de produtos, aspecto este de especial relevancia por tratarse de producións en boa medida suxeitas ás condicións climáticas ou ós impactos medioambientais.

As estimacións dos fluxos en unidades físicas, con todo, teñen serias limitacións derivadas da reducida información de base dispoñible e tamén da homoxeneidade das unidades de medida. Estas limitacións fanse mais patentes nesta operación estatística pola falla de antecedentes de investigación con enfoques similares. Os resultados deberán, en consecuencia, tomarse coas necesarias cautelas.

2. Ámbito de investigación

Ámbito obxectivo

O ámbito obxectivo da investigación son as ramas de actividade que configuran o complexo agroalimentario:

- Agricultura e Gandería (CNAE 01)
- Pesca e acuicultura (CNAE 05)
- Industria da alimentación e bebidas (CNAE 15)

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

A información de referencia correspóndese co exercicio económico 2001

3. Aspectos metodolóxicos

Base metodolóxica xeral: Sistema Europeo de Contas SEC-95, sendo de particular interese o seu Capítulo 3 “Operacións de bens e servicios” no que se delimitan os conceptos que afectan ós fluxos de produtos: a produción, os consumos intermedios, o consumo final, as importacións e as exportacións.

Criterios de valoración: as magnitudes de produción en termos monetarios están valoradas a prezos básicos (prezo que perciben os produtores por cada unidade, descontando os impostos e sumando as subvencións sobre os produtos) e as magnitudes de consumo intermedio e consumo final, a prezos de adquisición (é dicir, sumados ós prezos básicos os impostos sobre os produtos, netos de subvencións)

Criterios de desagregación: a desagregación en ramas de actividade e ramas de produtos parte da clasificación TIOGA-98, co fin de facilitar o enmarque das estimacións no conxunto da economía. Sen embargo, o ámbito obxectivo da investigación permitiu un maior detalle de desagregación que facilita unha mellor aproximación ás estimacións en termos monetarios e permite estendelas a unidades físicas homoxéneas. O resultado final é unha desagregación en 11 ramas de actividade e 54 ramas de produtos (ver Anexo)

4. Fontes de Información Estatística

Como estatística de síntese, as estimacións apóianse nas distintas fontes de información dispoñibles. Entre elas destacan:

- Como marco contable de referencia:
 - Contas Económicas de Galicia (IGE)
 - Táboa Input-Output de Galicia. Ano 1998 (IGE)
- Para as estimacións de produción:

Anuario de Estadística Agraria. Ano 2001 (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural)

Macromagnitudes Agrarias. Ano 2000 (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural)

Valor da pesca desembarcada (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos)

Encuesta Anual Industrial de Empresas. Ano 2001 (INE. Microdatos cedidos)

Encuesta Industrial de Productos. Ano 2001 (INE. Microdatos cedidos)

- Para as estimacións de consumos intermedios:

Anuario de Estadística Agraria. Ano 2001 (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural)

Macromagnitudes Agrarias. Ano 2000 (Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural)

Encuesta Anual Industrial de Empresas. Ano 2001 (INE. Microdatos cedidos)

- Para as estimacións de consumos final:

Encuesta Continua de Presupuestos Familiares. Ano 2001 (INE. Microdatos cedidos)

La Alimentación en España. Ano 2001 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación)

- Para as estimacións de comercio exterior:

Estadísticas de Comercio Exterior (Dirección General de Aduanas. Microdatos cedidos)

5. Presentación de resultados

Preséntanse os resultados agrupados en dous bloques:

- O primeiro bloque inclúe as compoñentes da oferta e da demanda, expresadas tanto en unidades monetarias como en unidades físicas, indicando o prezo como unidade derivada. As 54 ramas de produtos foron agrupadas seguindo a Clasificación Nacional de Productos por Actividades (CNPA-96), resultando as seguintes táboas:

CNPA 01.1 Productos agrícolas

CNPA 01.2 Productos gandeiros

CNPA 05.0 Productos da pesca, marisqueo e acuicultura

CNPA 15.1 Carne e produtos cárnicos

CNPA 15.2 Pescado preparado e en conserva

CNPA 15.5 Productos lácteos e xeados

CNPA 15.7 Alimentos preparados para animais

CNPA 15.9 Bebidas

CNPA 15.4 Graxas e aceites vexetais e animais

CNPA 15.3-6-8 Outros productos da industria agroalimentaria

- No segundo bloque preséntase a información en formato matricial orixe-destino, tanto para unidades físicas como monetarias, resultando así as seguintes táboas:

Táboa de orixe en unidades físicas

Táboa de destino en unidades físicas

Táboa de orixe en unidades monetarias

Táboa de destino en unidades monetarias

- A información, para cada rama de productos, é a mesma no primeiro e no segundo bloque, diferindo só na forma de presentación.

Notas á publicación

As estimacións que se recollen nas diferentes táboas teñen a consideración de provisionais, estando suxeitas a posible revisión. As estimacións en unidades físicas deben ser tomadas cunha especial cautela dadas as súas limitacións, derivadas tanto da reducida información de base dispoñible como da falla dunha homoxeneidade completa de unidades que non foi posible evitar nalgunhas ramas de productos.

Anexo: Clasificación por productos. Equivalencias

Código TIOGA98	Código Complexo Agroalimentario	CNPA
01.1 Productos agrícolas		011
	01.1.1 Cereais, leguminosas e outras herbáceas	0111p
	01.1.2 Patacas	0111p
	01.1.3 Hortícolas	01121
	01.1.4 Ornamentais	01122
	01.1.5 Froita	0113 exc. 01131
	01.1.6 Uva de vinificación	01131
01.2 Productos gandeiros		012
	01.2.1 Gando bovino	01211
	01.2.2 Leite cru	01212
	01.2.3 Gando ovino ou caprino	0122
	01.2.4 Gando porcino	0123
	01.2.5 Aves, coellos e outros animais	0124p; 0125
	01.2.6 Ovos	0124p
	01.2.7 Outros productos gandeiros	0124p
03.1 Productos da pesca		05001
	03.1 Productos da pesca	05001
03.2 Productos do marisqueo e acuicultura		05 exc. 05001
	03.2 Productos do marisqueo e acuicultura	1511; 0512
08.1 Carne fresca, refrixerada ou conxelada		1511; 0512
	08.1.1 De bovino	151111-151112
	08.1.2 De porcino	151113-151114
	08.1.3 De ovino, caprino e equino	151115 a 151118
	08.1.4 De ave e coello	1512
	08.1.5 Graxas, coiros e despoxos	151119; 151112 a 151114
08.2 Productos cárnicos		1513
	08.2 Productos cárnicos	1513
09.1 Peixe elaborado, refrixerado ou conxelado		152p
	09.1.1 Pescado conxelado e preparados, frescos ou conx.	152011 e 12
	09.1.2 Pescado seco, salgado, en salmoira ou afumado	152013
	09.1.3 Crustáceos e moluscos, conxelados	152015
09.2 Conservas de pescado		152p
	09.2.1 De sardiña, parrocha e similares	152014p
	09.2.2 De atún e bonito	152014p
	09.2.3 Outras conservas e preparados	152014p
	09.2.4 De mexillón e outros moluscos	152014p
	09.2.5 Fariñas e subproductos de pescado	152014p
10.1 Leite de consumo		15511
	10.1 Leite e nata	15511
10.2 Derivados lácteos e xeados		155 exc. 15511
	10.2.1 Queixo	15514
	10.2.2 logures	155152
	10.2.3 Outros derivados lácteos; xeados	1551 (resto); 1552

(Continúa)

(Continuación)

Código TIOGA98	Código Complejo Agroalimentario	CNPA
11.1 Alimentos preparados para animais		157
	11.1.1 Para porcino	1571p
	11.1.2 Para Rumiantes	1571p
	11.1.3 Para aves	1571p
	11.1.4 Para peixes	1571p
	11.1.5 "Pet Food"	1572
	11.1.6 Fariñas de alfalfa; premezclas	1571101; 15712
12.1 Viño e bebidas alcohólicas		1591 a 1597
	12.1.1 Bebidas alcohólicas ...	1591; 1592
	12.1.2 Viños e sidras	1593; 1594
	12.1.3 Cervexas e maltas	1596; 1597
12.2 Augas minerais e bebidas sen alcohol		1598
	12.2.1 Augas	159811
	12.2.2 Refrescos	159812
13.1 Froitas e hortalizas, prep. e en conserva		153
	13.1 Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	153
13.2 Graxas e aceites vexetais ou animais		154
	13.2.1 Aceites e graxas sen refinar	15411
	13.2.2 Linters, tortas e fariñas de oleaxinosas	15412 e 15413
	13.2.3 Aceites e graxas refinados; margarinas	1542 e 1543
13.3 Prod. do muíño, amidóns e amiláceos		156
	13.3 Prod. do muíño, amidóns e amiláceos	156
13.4 Outros productos alimenticios		158
	13.4.1 Panadería e pastelería fresca	1581
	13.4.2 Azucre	1583
	13.4.3 Cacao e chocolates	1584
	13.4.4 Café	1585
	13.4.5 Outros productos alimentarios	1582;1585; 1587 a 1589